

---

# OS ÁNGULOS DA BRASA

Texto de MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Ilustracións de FAUSTO ISORNA

---

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21,5 cm. 112 páx. 12 €

ISBN 978-84-15250-36-4. Faktoría K de Libros. Tambo.

-PREMIO ÁNXEL CASAL AO LIBRO DE POESÍA 2012  
(ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES)  
-PREMIO DA CRÍTICA ESPAÑOLA 2012  
(ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CRÍTICOS LITERARIOS)  
-PREMIO DE POESÍA DA AELG 2013  
-PREMIO NACIONAL DE POESÍA 2013

*...Hoxe limpo o poema.*

*Renovo unha emoción.*

*Bótome ao monte*


*de beleza nova...*

(Fragmento de "Hoxe")

"Os ángulos da brasa" é unha nova estación no percorrido pola memoria emprendido por Manuel Álvarez Torneiro dende os seus versos iniciais; o seu reencontro cos lectores despois de "Parábola do incrédulo" (2006). Perduran intactas, en rara coherencia íntima, a fe na robustez da beleza e no poder da palabra; finalmente, as mellores armas do poeta na súa teimuda batalla «contra o mundo e a favor da vida».

Dividida en tres partes -'Trama de vida', 'Terreal e sagrado', e 'Tapiz de cinsa'- este poemario presenta 67 composicións poéticas que botan unha ollada reflexiva sobre a cotidianeidade, que comparten emocións íntimas e xogan coa dimensión simbólica da palabra.

Faktoría K retoma o ronsel literario iniciado pola colección de poesía Tambo, que interrompera a súa actividade en 2006 despois de máis de trinta entregas. Daquela -e tamén con Luís Rei Núñez como coordinador- saíron do prelo obras de escritores como Carlos Oroza, Ramiro Fonte, Estíbaliz Espinosa, Antón Patiño, Román Raña, Manuel Romón, Elvira Rivero, Xavier Seoane, Cecilio Muñoz ou o propio Manuel Álvarez Torneiro. Na ilustración das portadas colaboraron artistas como Menchu Lamas, Xosé Freixanes, Berta Cáccamo, Marta Armada ou Antón Lamazares. Nesta nova etapa, Tambo ábrese a autores doutras linguas, traducidos directamente para o galego.



---

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: "Alén da fronteira" (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; "Tríptico", de Antoni Marí; "Espiral de sombras", de Xavier Seoane.

---

## Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932)

Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende o seu debut serodio, coa obra "Memoria dun silencio" (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos "Rígorosamente humano" (1995, Premio Esquíu), "Luz de facer memoria" (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e "Campo segado" (2001). A estes súmanse tamén os tres libros editados na colección Tambo: "Epicentro" (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), "Setembro Stradivarius" (2004) e "Parábola do incrédulo" (2006).